




Escola Técnica
Superior de
Arquitectura



1975
2015

Estimados compañeiros do Consello de Goberno:

Diríxome a ti neste escrito, a véspera do Consello de Goberno da UDC para pedirche o teu voto negativo para a proposta do punto 13 da orde do día.

Os motivos desta petición son fundamentalmente dous:

O primeiro e o despropósito que supón a proposta do equipo reitoral de fusionar a Escola Técnica Superior de Arquitectura e a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. A pesar da coincidencia de dúas palabras nos nomes das dúas escolas, os contidos docentes, os obxectivos investigadores, o percorrido histórico, e as profesións das dúas non son semellantes nin complementarias. O único argumento exposto para a proposta de fusión é o aforro que suporía ter un único equipo de dirección. As xuntas de escola dos dous centros rexeitaron con contundencia, e con razóns fundadas, esta pretensión.

O segundo, e máis importante, son os modos antidemocráticos, manipuladores e impropios dunha institución universitaria co que se tenta de levar adiante unha comisión que elabore un “Plan Director de racionalización de Centros e Departamentos”. Na Comisión Mixta que se propón como vehículo para a redacción do plan non están representados os centros e departamentos sinalados, pero na mesma se nos vai dar “audiencia”. No documento que se achegou en Alfresco, o venres ás 15.02 h., podemos ler a insultante mentira que isto se vai someter á aprobación do Consello de Goberno “tras unha rolda de diálogo cos centros e departamentos potencialmente afectados”.

A situación orzamentaria na que nos atopamos, resultado da xestión realizada nos últimos anos, ten creado un estrangulamento da nosa institución e, nese contexto, o Goberno da Xunta de Galicia esixe unha contracción das estruturas universitarias. A resposta apresurada do equipo de goberno da UDC é suprimir departamentos e fusionar centros sen unha reflexión global e furtando o mínimo debate racional e con datos sobre cuestións académicas, de investigación, da natureza dos centros e das súas realidades cuantitativas e cualitativas,... As razóns polas que o equipo reitoral sinalou cinco departamentos e oito centros concretos, resolvendo así a esixencia da Xunta, correspóndelles a eles explicalas. Estamos agardando. Eu só escoitei a xustificación do aforro na redución de cargos de dirección.

Son o director dun centro “potencialmente afectado” que ten pedido por escrito ao reitor a participación da Escola de Arquitectura na comisión da que falaban os medios nos últimos días, sen recibir resposta. **Pido que rexeites a posta en marcha da comisión mixta porque precisamos dun debate participativo e serio sobre a racionalización da nosa estrutura, as medidas de aforro e de captación de recursos.** A Comisión proposta é unha comisión instrumental con conclusións xa ditadas, xa que é evidente para todos que non temos debatido ningunha directriz, nin unha relación de obxectivos estratéxicos, nin unha metodoloxía de traballo, nin se ten realizado un estudo que cuantifique e aporte datos obxectivos sobre as propostas que se formulan.

Non nos opoñemos a redeseñar a nosa estrutura universitaria, nin a tomar máis medidas de aforro, ademais das que vimos sufrindo, nin a proxectar, dunha vez por todas, o futuro da nosa institución. E queremos facelo dun xeito universitario; isto é: democrático, participativo e con razóns e datos á vista de todos.

Por todo o exposto, pido o teu voto negativo para a posta en marcha do procedemento de elaboración do Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos

Fernando Agrasar, director da ETS de Arquitectura